

As noticias e a esfera pública. Cara a unha historia da obxectividade e a imparcialidade¹

Stuart Allan

A función das noticias é sinalizar un acontecemento, a función da verdade é sacar á luz feitos ocultos, polos en relación uns cos outros, e compor un cadro da realidade no que os homes poidan actuar.

(Walter Lippmann, xornalista estadounidense, 1922).

Con que só deixedes entrar unha vez ás emisións públicas en política, xa nunca daredes sacado a política das emisións públicas.

(Director Xeral de Correos, Reino Unido, Novembro de 1926).

A cuestión de se os xornalistas son ou non son capaces de fornecer descrições “obxectivas” ou “imparciais” do mundo social preocupou durante moito tempo a moitos investigadores interesados no funcionamento dos medios informativos nas sociedades modernas. As distintas voces que participaban no debate presentaron argumentos partindo dunha gran variedade de posicións epistemolóxicas, procurando decote ultrapasar a consideración da loxística práctica do proceso informativo por mor de preguntar polos preceptos ontolóxicos que conforman as configuracións xornalísticas do que constitúe “a realidade” en primeiro lugar. Non é a miña intención neste ensaio entrar neste debate coa fin de repetir os principais puntos en disputa, nin propor un fundamento alternativo para a futura exposición detallada da súa traxectoria. Vou tentar, máis ben, expor algúns aspectos cruciais deste debate en termos hitóricos coa fin de ofrecer unha serie de intuicións preliminares a respecto de como é que as regras codificadas da factualidade das noticias cambiaron dende o século dezasete. No facer tal, o meu obxectivo é contribuír á exploración das implicacións que isto podería ter para a nosa comprensión actual do potencial democrático dunha esfera pública que está a experimentar celericamente un proceso de redefinición por parte dos medios informativos de hoxe.

Este ensaio vai ter a seguinte forma: primeiro, imos procurar elucidar-la noción de “esfera pública” segundo se desenvolveu nos escritos históricos de Jürgen Habermas. A súa descripción do papel decisivo que tiveron os xornais na contribución a establecer un espazo discursivo para as deliberacións críticas sobre asuntos públicos amosou ser moi influente nos estudos culturais e sobre medios de comunicación e, no meu ver, ten moito que ofrecer ás investigacións sobre a problemática que temos a man. Á vista de que a descripción de Habermas é en gran medida ilustrativa, vou tentar completala con fontes adicionais, secomasí con críticas puntuais, cando sexa oportuno². Na segunda sección, imos prestar atención ós Estados Unidos de América por mor de examinar os factores históricos que fixeron xurdir a práctica da información de prensa “obxectiva” a xeito de medio para ampliar novas definicións do interese público baseado na democratización da esfera pública. Comezando coa aparición dos “xornais de penique” (ou “prensa barata”)³ durante a década de 1830, esta avaliación vai proceder logo a considerar-la introdución do telégrafo eléctrico na década de 1840 (e o servizo de noticias por cable da Associated Press que comezou en 1848), a aparición do profesionalismo entre os xornalistas na década de 1890, e a confirmación explícita das normas discursivas e valores da obxectividade polos xornalistas na década de 1920. A terceira sección estende esta exposición crítica investigando como foi que se trataron este tipo de asuntos nos primeiros tempos das emisións públicas británicas. A disputada dinámica da “imparcialidade” vai tentar apreciarse en relación tanto coa Corporación de Emisións Públicas Británica (BBC) coma coa rede de emisións da Independent Television News, prestando especial atención á súa

¹ Versión galega de “News and the Public Sphere. Towards a history of objectivity and impartiality” en M. Bromley e T. O’Malley (eds.) *Journalism. A Reader*. Londres, Routledge, 1997.

² A descripción que Habermas fai da historia da prensa británica criticárona algúns por ir fiada dunha interpretación progresista [no or. ing. *Whig*] tradicional; para outros, hai que definila a xeito de tratamento excesivamente romántico, mesmo celebratorio (aínda que a exposición crítica da ocasional decadencia adoita considerarse pesimista de máis). De por parte, segundo escribiu Curran (1991: 53): “Aboia insegura entre unha exposición normativa (o que tería que ser) e unha exposición descritiva (cómo era en verdade). Daquela, o retrato que fai da prensa temperá preséntase en termos normativos; a crítica dos medios modernos faise en termos descritivos; e, para confundi-las cousas aínda máis, esta crítica contén referencias retrospectivas á idealización da primeira prensa como se fose algo que se aproximase á realidade descritiva.”

³ A “penny press” ou “prensa de penique” era a prensa barata, pois os máis dos xonairs valían seis peniques. (N. do t.)

invocación de ser un medio que plasma os temores oficiais verbo dos perigos que poden supor as emisións públicas para a articulación da opinión popular no ámbito da esfera pública. Finalmente, o ensaio vai concluír cunha estimación da irresoluta significación das nocións de “obxectividade” e “imparcialidade” para o xornalismo na altura de hoxe.

A esfera pública.

O uso das palabras “público” e “esfera pública” delata moitos significados concorrentes. Así comeza o estudo pioneiro de Jurgen Habermas, *Historia e Crítica da Opinión Pública. A transformación estrutural da vida pública* (só recentemente traducido ó inglés, en 1989, mais orixinalmente publicado en alemán én en 1962 co título de *Strukturwandel der Öffentlichkeit*). No curso desta indagación verbo do establecemento da “esfera pública burguesa” no período moderno temperán da historia europea, Habermas perfila a base para unha reconsideración radical dos factores que conforman o agromar da “opinión pública” a xeito de fenómeno social⁴. Dito en poucas palabras, o que defende é que a aparición inicial da noción popular de “opinión pública” tivo lugar en Gran Bretaña durante o remate do século dezasete. Pola metade daquel século advertírase o desprazamento parcial de termos da caste de “mundo” ou “humanidade” no discurso popular pola expresión “público”, seguida da chegada da palabra “publicidade” que se collera emprestada da forma francesa *publicité* pouco despois (Habermas 1989: 26). As características deste léxico emerxente redebuxáronse moi logo a xeito de “mundo das letras”, quere dicir, o campo literario coa súa capacidade para o “debate racional-crítico” entre individuos particulares; estaba a se transformar en relación cos imperativos do dominio privatizado dunha economía de mercado e, por outra banda, coas directrices de institucións gobernadas polo estado.

Máis explicitamente, o uso do termo “opinión pública”, expresión que había que diferenciar ó tempo da de “opinión xeral”, era continxente e dependía dunha concepción nova dunha esfera da vida social na que os cidadáns se atopaban para dar forma (ou “articular”) críticas da autoridade establecida. En palabras de Habermas:

Co desenvolvemento da esfera do social, sobre cuxa regulación batallou a opinión pública co poder público, o tema da esfera pública moderna (en contraste coa antiga) desprazouse dende as tarefas propiamente políticas dunha cidadanía a actuar en común (quere dicir, a administración da lei no que atinxe ós asuntos internos e da sobrevivencia militar no que atinxe ós asuntos exteriores) cara as tarefas máis propiamente cívicas dunha sociedade comprometida no debate crítico público (quere dicir, a protección da economía comercial). A tarefa política da esfera pública burguesa foi a regulación da sociedade civil.

(Habermas 1989: 52)

A comezos do século dezaoitto, logo, xurdiu en Gran Bretaña unha constelación característica de forzas que levou, pola súa vez, ó nacemento dunha esfera pública de discursos razoados que circulaban no reino político con independencia tanto da Coroa coma do Parlamento. As circunstancias novas desta evolución, segundo Habermas, poden estar vinculadas a tres acontecementos claves que aconteceron entre 1694 e 1695: a fundación do Banco de Inglaterra por un grupo de mercaderes de Londres, a inauguración do primeiro consello de ministros e, cousa máis importante para o que aquí nos ocupa, a eliminación da institución da censura “que fixo posible o influxo dos argumentos crítico-rationais na prensa e permitiu que esta evolúise ata se converter nun instrumento coa axuda do cal as decisións políticas poderían presentarse ó novo foro do público (Habermas 1989: 58).

En consoancia con isto, ó trazar a evolución das condicións que ían soste a aparición destas “liberdades únicas” das que gozaba a prensa británica, Habermas céntrase na aparición dunha nova etapa do desenvolvemento capitalista no século dezasete. Concretamente, mantén que a espacialización

⁴ Habermas (1992: 3) observa que a categoría de “publico” (coma a de “publicidade”) é de orixe grega e transmitiuse con selo romano. Na cidade-estado grega plenamente desenvolvida, a esfera da *polis*, que era común (*koiné*) ós cidadáns libres, estaba estritamente separada da esfera do *oikos*; na esfera do *oikos*, cada individuo matén as súas propias relacións (*idia*). A vida pública, *bios politikos*, acontecía na praza do mercado (*agora*), mais abofé que isto non significaba que acontecese necesariamente só nese lugar específico. A esfera pública consitúíase na discusión (*lexis*), que tamén podía tomar a formas de consello e de vista nos tribunais, secomasí de acción común (*praxis*), fose este a guerra ou a competición nos xogos atléticos.” Para máis discusións no tocante á natureza da orde política daquel tempo, especialmente a súa dependencia do que Habermas caracteriza a xeito de “economía patrimonial escravista”, véxase Habermas 1992, 1996; véxase tamén Calhoun 1995; Fleming 1995.

ampliada das relacións comerciais capitalistas temperás necesitaba da distribución de noticias nunha forma moito máis pública que a que forneceran follas de noticias (as “*news letters*”) impresas nos xornais políticos (de por parte, esta correspondencia privada ofrecía noticias verbo das “Dietas imperiais, guerras, colleitas, taxas, transportes de metais preciosos e, abofé, informacións verbo do comercio extranxeiro”) dende a metade do século (Habermas 1989: 20). Estes xornais, que se establecían, cada vez máis, a xeito de mercaderías de propio dereito para as “clases educadas” (que tamén dispuñan de noticias en publicacións de follas grandes (ou “*broadsheets*”) en periódicos para xente instruída, panfletos e outro tipo de publicacións) tamén se usaban frecuentemente a xeito de instrumento ó servizo da administración pública⁵. O rápido entretacemento crecente dos intereses dos funcionarios do estado cos dos “capitalistas” (mercaderes, banqueiros, empresarios e artesáns) ía levando, pola súa vez, a un recoñecemento compartido de que a estabilidade social podía aumentarse por medio dunha cidadanía debidamente informada. Habermas mantén que o tráfico bulideiro de materiais impresos desenvolveuse logo de par do doutros bens de xeito tal que, ó remate do século, había abasto regular de noticias que era accesible ó público xeral⁶.

Se a “fita decisiva” deste novo dominio da esfera pública foi a palabra publicada, segundo Habermas suxire, non quere isto negar que ó principio do século dezaoto seguise habendo todo un conxunto de impedimentos institucionais para a realización da “liberdade de prensa”. Isto aconteceu aínda que se permitise a mellora no grao de autonomía da prensa, tra-la abolición en 1695 das formas de censura previamente autorizadas polo Auto de Licencias (*Licensing Act*) de 1663 (malia as presións que fixo a Monarquía para que o Parlamento anovase o Auto). A lei de libelo persoal, pomos por caso, era unha restrición severa para o proceso informativo, cando menos por causa da redefinición arbitraria nos procesos por libelo sedicioso⁷. De xeito semellante, os edictos da Coroa e mailo Parlamento, decote reforzados fundándose na abolición de privilexios, aseguraron que as restricións legais posteriores podían imporse atendendo a cada caso particular. O ano 1712 foi o da promulgación do que se chamaron “as taxas do coñecemento”, a máis importante foi a taxa de impresos (*stamp tax*), que se estableceu non só para recadar entradas para a Coroa, senón tamén para controla-lo dereito de publicación. Tales medidas tiveron o efecto desexado de forza-la saída do negocio das cabeceiras máis marxinais (que eran decote as máis radicais en termos políticos). Os dereitos de impresión (*stamp duty*) fan reducirse substancialmente na década de 1830, mais non se eliminarían ata 1855; nesa altura, o uso selectivo de subvencións do estado foi un recurso ulterior para contrarrestar a prensa radical.

Sexa como for, no curso da primeira metade do século dezaoto, escoitouse nos xornais informativos un abano amplo de voces críticas, aínda que case exclusivamente burguesas. Estas voces tiñan intención e capacidade de discutir a actuación da Coroa e a actuación lexislativa do parlamento. Habermas mantén que estes xornais de fundamento comercial eran constitutivos dun “espírito público” crecente, un espírito que estaba empezando a reempraza-lo que ata entón fora “espírito de partido”. Se este temperamento desafiante e decote irado tivo expresións en publicacións tales coma o *Observer* (1702) de John Tutchin, en *The Review* (1704) de Daniel Defoe e no *Examiner* (1710) de Jonathan Swift, para Habermas (1989: 60) foi o *Craftsman* (1726) de Nicholas Amhurst, xunto co *Gentleman's Magazine* (1731) de Edward Cave, o que indicou que “a prensa establecérase por primeira vez a xeito de órgano crítico xenuíno nun debate político crítico e exercido en público: a xeito de cuarto estado.” Amais, coa decadencia dos clubs e das cafeterías, sendo as últimas unha foma principal de circulación de noticias, (e

⁵ O tamaño estremadamente pequeno destas “clases educadas” en relación co resto da poboación salientouno Habermas (1989: 37-8), quen escribiu: “A proporción de iletrados, polo menos en Gran Bretaña, excedía mesmo a da anterior época isabelina. Mesmo a comezos do século dezoito, máis da metade da poboación vivía nas marxes da subsistencia. As masas non só eran en gran medida iletradas, senón que tamén estaban tan empobrecidas que nin sequera podían pagarse a alfabetización. Non tiñan ó seu dispor o poder adquisitivo necesario nin para a máis modesta participación no mercado dos bens culturais.” O autor amosa puntos de comparanza con Alemaña e Franca no tocante ós dereitos xerais da cidadanía.

⁶ Foi por aquel tempo, segundo Herd (1952: 37), cando a competición entre cabeceiras “estimulou o uso do que se podería describir a xeito de equivalente contemporáneo do recurso do paro da impresión para a inclusión de noticias de última hora, primeiro escritas nas marxes e logo impresas en follas separadas, e coñecidas por Post-scripta (*Postscripts*)”. Con todo, engade tamén que estes xornais “estaban aínda no estadio elemental dos pioneiros: escritos pobre e incorrectamente e carentes de modelos profesionais.” Véxase tamén o exame que fai O'Malley (1986: 25) da *London Gazette*, publicación deste período controlada polo estado, que no seu ver “axudou a reforzar a monarquía dos Estuardo sancionándoo coa ortodoxia relixiosa e dirixindo a “opinión pública” segundo as liñas que a política gubernamental collía en cada momento”.

⁷ Harris (1978: 96) escribiu: “Tales accións poderían ser caras e difíciles de manter [para o estado], e invariablemente elevaron a venda dos xornais atacados. Por outra banda, os ocasionais arrestos en masa e o hostigamento dos principais xornais da oposición tivo un impacto serio na súa organización mesmo cando, como aconteceu cos máis dos xornais que eran propiedade dos libeiros, os propietarios recibiron indemnización polos custos do proceso.” A Lei de Libelo substituíuna ó cabo, en 1792, a Auto de Libelo de Fox que, segundo observa Asquith (1978: 111-12) “fixo do público, en troques dos súces, o árbitro do que podería ser lexítimamente publicado; o xurado podería dar un veredicto xeral sobre os fundamentos xurídicos, e de se a publicación era un libelo, en troques de dar só un veredicto especial sobre os feitos en litixio. Un cambio importante posterior foi o do Auto de Libelo do ex-xornalista Lord Campbell en 1843 que dispuxo que o demandado poidese invocar, a xeito de defensa adecuada, a verdade da cuestión á vista de que fose de interese público.”

que tiveran unha era dourada entre 1680 e 1730),⁸ o público “mantíñase unido” en gran medida por medio dunha prensa informativa independente, fundada no mercado e suxeita á “crítica profesional” (1989: 51).⁹

De xeito similar, Habermas indica que se lle preste atención ás cartas anónimas atribuídas a “Junius” que se publicaron no *Public Advertiser* do 21 de setembro de 1768 ó 12 de maio de 1772, porque no seu ver poderían con todo dereito chamarse “pioneiras da prensa moderna”. Mantén Habermas que nestas cartas “O rei, os ministros, os xefes militares, e os xuristas eran acusados públicamente de maquinacións políticas, e descubríanse logo conexións secretas de significación política dunha maneira que dende entón foi exemplar para a prensa crítica” (Habermas 1989: 61). Este clima de crítica crecente, derivando dun abano amplo de confrontacións entre unha prensa envalentonada e, por outra banda, tanto a monarquía coma o goberno, estaba a reformar fundamentalmente as normas da esfera pública. Os cidadáns particulares, animados a se redefinir eles propios a xeito de membros dunha forza pública máis grande, tentaron regular a conduta dos funcionarios do estado, así como contribuír a conformar-la dirección das iniciativas políticas.

Esta transformación fíxose particularmente visible no tocante ó que se converteu en controversia pública verbo do dereito a informar dos actuacións parlamentarias. Os políticos, que querían preservar o privilexio xeral de segredo (a publicación dos “votos” autorizárase en 1681), resistirían exitosamente os esforzos para derrubar formalmente a prohibición das informacións ata 1803¹⁰. Ese ano, o Presidente do parlamento fixo que na sala do parlamento se dispuxese un lugar para os xornalistas, mais non sería ata que se construíse un novo edificio do parlamento, despois do incendio de 1834, cando de construíron gradas para os xornalistas. Habermas comenta que o Parlamento que fora “durante moito tempo, o albo do comentario crítico estaba agora a transformarse e virar “o propio órgano desa opinión”. No ofrecer compromiso crítico cos asuntos do día, logo, a prensa axudou a respaldar un proceso consensual (aínda que fose informal) de vixilancia por medio do que as actividades do goberno podían facerse máis responsables perante os dictados da opinión pública (Habermas 1989: 62).

Dende o punto de vista de Habermas, a participación popular na esfera pública a xeito de espazo neutral situado entre o estado e as relacións de mercado da economía oficial estaba a acadalo punto máis alto no inicio do século dezanove. A xeito de escenario no que os cidadáns poderían congregarse para deliberar verbo dos asuntos públicos entre si, a esfera pública constituíu un espazo discursivo incrustado nunha política de representación específica. Este espazo reunía as condicións requiridas para que primeiro circulase a formación de opinións diversas e despois, cando fose necesario, para desafialas pola mediación da racionalidade dos procesos de decisión institucionais (sendo o “interese xeral” o criterio polo que había que xulgar esa racionalidade). En principio, o acceso á esfera pública estaba aberto a todo individuo que quixese dar consentimento á lexitimidade da “regra do mellor argumento”. A consecuencia disto, ó xornalismo atribuíse o papel crucial de asegurar que eses individuos eran capaces de se apoiar nun espectro diverso de fontes informativas para manter as súas opinións, responsabilidade que o colocou no centro da vida pública.

O mantemento deste público criticamente razoante dependía logo de medios informativos capaces de dar expresión a unha gama pluralista e ampla de opinións que decote estaban en claro conflito.¹¹ Esa

⁸ A importancia dos cafés para o agromar da “opinión pública” en Gran Bretaña foi obxecto de moita atención académica. Habermas observa que os cafés recibiron adoito a reprobación de ser sementeirais de desacougo político, afirmación subliñada nesta proclama do goberno: “Os homes tomáronse a liberdade, non só nos cafés, senón noutros lugares e reunións, públicos e privados, de censurar e difamar as actuacións do Estado, falando mal de cousas que non entenden, e tentando crear e nutrir ciumes e insatisfacción univerais nas mentes de tódolos bos súbditos das Súas Maxestades” (citado en Habermas 1989: 59). Segundo Stephens (1988: 41) o primeiro café de Gran Bretaña abriuse en Oxford por volta de 1650, mentres que Smith (1979: 45) suxire que o primeiro de Londres fundouse en 1657. Dende o principio, estes lugares foron notorios polas disputas políticas revoltosas e non se permitía a entrada ás mulleres (en claro contraste cos salóns de Francia).

⁹ Smith (1979: 56-7) mantén que pola metade dese século, “Londres tiña cinco xornais de saída diaria, seis que saían tres veces á semana, cinco semanais e, nun nivel moito menos oficial, moitas publicacións baratas que saían tres veces á semana, xuntos todos sumaban unha circulación de 100.000 exemplares (e aproximadamente un millón de lectores) á semana. O soldo medio semanal, preto dos dez chelíns, era máis alto en Londres do que nas provincias, e facía que a compra ocasional dun xornal estivese a man de todos agás dos traballadores máis pobres.”

¹⁰ O privilexio parlamentario virara obsoleto *de facto*, aínda que non *de iure* algúns anos antes. Habermas (1989: 61-2) conta a xeito de exemplo de como foi que se puido vencer este problema a historia de William “Memory” Woodfall, home “capaz de converte-lo *Morning Chronicle* no xornal principal de Londres debido a que podía reproducir palabra por palabra dezaseis columnas de discursos parlamentarios sen tomar notas, cousa que estaba prohibida, na galería da Casa dos comúns”. Herd (1952: 73), en contraste, di que o número máxico de columnas era sete mais, sexa como for, o efecto dos esforzos para suprimir as informacións sobre as actuacións parlamentarias foi significativo.

¹¹ Os custos iniciais dos xornais eran relativamente modestos, e moitos podían obter beneficios sen depender da publicidade. Para pór un exemplo, o *Northern Star*, un xornal radical de circulación nacional, lanzouse cun capital inferior a mil libras en 1837: “Un contrataque na “batalla dos grandes xornais libres de taxas” [*the battle of the great unstamped*] lanzou invectivas contra a “redución de taxas de impresións” por “facermos máis baratos os xornais dos ricos e os dos pobres máis caros” (Koss 1984: 60). Curran e Seaton (1991: 19) apuntan que os xornais radicais, na altura da década de 1830, estaban “cada vez máis orientados a un público de clase obreira, e foron máis libres nos ataques ó capitalismo. Non se viron forzados a atemperalo seu radicalismo ou a procurar uns

expresión de distintas visións de intención crítica perante as relacións de autoridade establecidas era tamén continxente, en principio, e dependía das relacións discursivas libres de toda forma de coherción asociadas co poder e o privilexio. Non é de sorprender que Habermas reconeça que estas condicións non se daban plenamente: non había que confundir os dereitos formais coas verdadeiras experiencias vividas da desigualdade. Mesmo no cénit da política inclusiva, a participación restrinxíase ó que eran relativamente elites, nomeadamente os membros da sociedade que tiñan propiedades e educación (quere dicir, nomeadamente varóns brancos)¹². Sexa como for, Habermas mantén que “o modelo liberal aproximouse suficientemente á realidade como para que o interese da clase burguesa puidese identificarse co interese xeral... a esfera pública a xeito de principio organizativo do estado constitucional burgués tiña credibilidade.” É, logo, a esfera pública, na medida en que facilita a formación da opinión pública, o que fai posible o control democrático das relacións de goberno.

Ó tentar estender, logo, a aproximación conceptual de Habermas á investigación sobre a obxectividade das noticias, o que é evidentemente unha distinción analítica máis ben borrosa entre a esfera pública a xeito de entidade histórica e a xeito de ideal normativo ha requerir que fagamos algunhas clarificacións ulteriores. No curso dos anos, uns cantos comentaristas interviñeron activamente no que é agora un debate en curso sobre cal é a mellor maneira de desenvolver as visións e intuicións máis convincentes xeradas polo estudo de Habermas (véxase Calhoun 1995; Curran 1991, 1996; Dahlgren 1991, 1995; Fraser 1992; Garnham 1992; Meehan 1995; Thompson 1995; Verstraeten 1996). Cinco das liñas de crítica máis pertinentes para os nosos obxectivos poden salientarse sintéticamente tal como o tentamos facelo a seguir.

En primeiro lugar, algúns cuestionaron a amplitude do modo de argumentación de Habermas. Algúns críticos insistiron en que o retrato que fai da prensa británica é idealista, e carece do grao de especificidade histórica que normalmente esperaríamos de tal tipo de descricións. Segundo vimos, a envergadura da súa investigación abranxe un período temporal que vai de principios do século dezasete á metade do século dezanove e, amais, está espacialmente difusa nunha serie de contextos nacionais diferentes. Moitos destes comentaristas dedicáronse a identificar factores constitutivos que só se glosaran superficialmente, se é que non se ignoraran plenamente, no tratamento de Habermas (débase a iso o meu uso de fontes históricas adicionais neste ensaio). Amais, de facermos énfase na esfera pública a xeito de ideal normativo, poderíamos concordar coa aseveración de Curran (1996: 82) a respecto de que ofrece unha visión poderosa e impresionante do papel dos medios na sociedade democrática, e neste senso o seu status histórico é irrelevante.”

A segunda liña de crítica atinxe á medida en que a esfera pública, mesmo na súa fase clásica (a principios do século dezanove) era un escenario autónomo para as interaccións críticas sobre os asuntos públicos. Habermas non parece prestar atención dabondo á disputada natureza deste espazo discursivo, quere dicir, a como é que o terreo da “opinión pública” está a ser atravesado decontino por procesos contrarios de transformación e incorporación. A énfase que fai en como é que a “neutralidade” deste espazo discursivo apuntala a formación do consenso popular, definido por oposición ós intereses das elites políticas e económicas, escurece o grao no que esas mesma elites procuraban, pola súa vez, estender aínda máis a súa hexemonía por medio do control do acceso á esfera pública. Sexa como for, dito isto, Habermas fornece unha exposición perspicaz de varios mecanismos produtivos que conforman esta afirmación do populacho a xeito de público, mesmo se a atención prestada ós desafíos comunicativos a este consenso é inadecuada. A descrición que fai do papel dos medios de comunicación nestes conflitos é, no mellor dos casos, máis ben un bosquexo, pero a aproximación ten, como indica Garnham (1992: 361) a virtude de reconecer que “as institucións e procesos da comunicación pública son de seu parte integral e central do proceso e estrutura política”. Indo ó gran: na súa opinión a aproximación de Habermas centra “o problema creado por toda forma de comunicación mediada, nomeadamente como é que se acadan os recursos materiais necesarios para esa comunicación, e quen é que os acada”.

Para abordar a terceira limitación do modelo de Habermas, directamente relacionada coa segunda, temos que dar un paso atrás para repensa-la presuposición de que a esfera pública se teoriza máis vantaxosamente a xeito de construción totalizada e singular. Isto quere dicir que en canto se presta atención á posibilidade de que en calquera momento determinado funcione unha multiplicidade de esferas públicas diferentes, que mesmo poden estar en competencia, empezan a salientar unha serie de tensións que subxacen ás formulacións preferidas (quizáis excesivamente optimistas) de Habermas.

lectores con máis recursos pola necesidade de atraer máis publicidade. En troques, foron libres de responder á radicalización do movemento de clase obreira porque a súa viabilidade económica dependía máis dos seus lectores ca dos anunciantes.”

¹² Lonxe de ignorar a efectividade da clase, Habermas (1989: 87) mantén, por exemplo, que: “O interese de clases foi o fundamento da opinión pública. Sexa como for, durante esa fase, tamén tivera que ser obxectivamente congruente co interese xeral, polo menos na medida en que esta opinión se puidese considerar pública, xurdindo do debate crítico do público, e consecuentemente, racional. Convertiríase en coherción naquel tempo se o público se vise forzado a se illar da clase dominante, se o forzasen a abandona-lo principio da publicidade. O debate público viraría dogma, a intuición racional dunha opinión que xa non era pública viraría mandado autoritario.” Nun ensaio posterior (véxase Habermas 1992), reconece que a cuestión do xénero non recibiu consideración adecuada na exposición que fixo en *Historia e crítica da opinión pública*; véxase tamén Fraser 1992; Meehan 1995.

Explicitamente, se os límites da esfera pública se califican ulteriormente, pode entón identificarse unha rica pluralidade de foros discursivos alternativos, como é o caso dos movementos sociais, os sindicatos e as campañas de asuntos específicos. Ó introducir esta cuestión a efectos de avaliación histórica, estaríamos mellor situados para identifica-los medios polos que a lóxica socialmente situada destes foros alternativos fai que se reafirmen, e tamén contradigan, reciprocamente no curso do tempo. É este proceso dinámico de mediación o que, no meu ver, cómpre subliñar máis en relación ós criterios cos que as definicións d'“o público” se proxectan xerárquicamente por obra dos medios informativos, entre outras institucións.

Unha cuarta área de interese é a distinción que fai Habermas entre as esferas pública e “privada”: concretamente, o perigo de que tal dicotomía faga correr o risco de reificar estas esferas a xeito de entidades xebradas, en troques de concibirse sendo mutuamente determinantes. As investigadoras feministas, particularmente, examinaron certa cantidade de maneiras nas que esta separación pode naturalizar o desprazamento dunha gama de desigualdades étnicas, sexuais e de xénero como se fosen exclusivamente cuestións de interese “persoal”, “familiar” ou “doméstico”. En consecuencia, segundo mantén Fraser (1992: 137): “unha concepción coherente da esfera pública debe sancionar non a exclusión, senón a inclusión, de intereses e cuestións que a ideoloxía masculinista burguesa ten por “privadas” e trata de inadmisibles.” Nun ensaio recente, Habermas (1992: 427-8) recoñeceu o valor deste tipo de crítica, dicindo que “a crecente literatura feminista sensibilizou a nosa conciencia para que atendese ó carácter patriarcal da propia esfera pública [porque] a exclusión das mulleres tivo unha significación estruturadora.”

Finalmente, a quinta liña de críticas centra directamente o problema da obxectividade das noticias procurando facer problemática a confianza do modelo de esfera pública de Habermas nunha concepción da comunicación normativamente establecida. Afirmar que os discursos da opinión pública teñen a capacidade de forxar consenso racional-crítico é asumir, ó mesmo tempo, que os discursos circulan fóra das regras ou convencións culturais, que a realidade pode equipararse cos feitos obxectivos. E isto cando, precisamente, o que se ten por “racional” ou “razoado”, ou mesmo para o caso “crítico”, sempre é unha cuestión de poder definitorio: cómpre que nos preguntemos de quen é o discurso que se define desa maneira e por qué. En canto recoñezamos a medida en que o discurso de Habermas prefigura unha aproximación idealizada á interacción discursiva, poderemos ser máis capaces de apreciar como é que cómpre refundilo para conformar mellor a nosa forma de investigación. En termos normativos, segundo suxiren Golding e Murdock (1996: 18), este “ideal xeral dun sistema de comunicacións a xeito de espacio cultural público que é aberto, diverso, e accesible” dános un “criterio básico” contra o que podemos, pola nosa vez, medir, “a actuación dos sistemas existentes e formular alternativas.”

É tendo conciencia do valor heurístico da elucidación da idea da esfera pública de Habermas, e sendo conscientes tamén das dificultades asociadas, como imos investigar agora o progreso da prensa diaria estadounidense preocupada en promocionar “o interese público” por medio da información da realidade do mundo social de xeito “obxectivo”.

Factores conducentes ó desenvolvemento da obxectividade nos xornais estadounidenses.

A obxectividade, segundo a mitoloxía liberal da prensa, é un xeito de interpretar as probas para cumprir o compromiso co “pobo”, quere dicir, é un xeito de satisfacer as necesidades dunha cidadanía informada, atenta á necesidade de estar informada dos asuntos públicos. Á luz da nosa exposición crítica dos escritos de Habermas, queda claro que a relación do xornalista có “mercado das ideas” está activamente mediada a través dunha gama complexa de dinámicas institucionais que están a cambiar decontino no curso do tempo. A cuestión do que se teña por diálogo público “racional” en coxunturas históricas diferentes dependerá, en parte, da dispersión que os medios informativos fan de varias definicións en competencia do ben común. A noticia é unha forma de coñecemento social, da que os límites cambiantes e evolutivos se ven conformados por suposicións normativas verbo do que se cre que a cidadanía considera que é “a opinión popular”, quere dicir, a imaxe que a xente do común ten de si a xeito de público. En canto se recoñece que as informacións se organizan segundo certas regras ou convencións que reafirman unha proxección preferida da esfera pública, podemos comezar a explorar as condicións que levaron á autorización desa proxección en nome da “obxectividade”.

Ó cambiar o foco da nosa atención das consideracións de Habermas verbo da prensa a principios do século dezanove en Gran Bretaña á prensa do mesmo período en Estados Unidos de América faise ben logo

evidente que a cuestión da obxectividade tiña un grao de recoñecemento público moito máis alto neste último país.¹³

As máis das descrições históricas do desenvolvemento da obxectividade apuntan que o agromar da prensa barata (ou “*penny press*”) na década de 1830 foi o proceso formador máis significativo na fase inicial. Dito en poucas palabras, foi durante esa década cando o dominio das publicacións periódicas establecidas (e dos prelos que as facían), nomeadamente das cabeceiras partidistas con noticias moi politizadas e contido editorial, viuse directamente ameazado por unha prensa moito máis aliñada cos imperativos comerciais. *The New York Sun*, aparecido o 3 de setembro de 1833, adoita considerarse o primeiro dos xornais baratos (“*penny papers*”), seguido case inmediatamente polo *Evening Transcript* e o *New York Herald* (e máis tarde polo *New York Tribune* en 1851, e polo *New York Times* en 1851). A prensa barata espallouse moi logo da cidade de Nova York a outros centros urbanos, comezando por Boston, Philadelphia e Baltimore. Ó remate dos tempos de Jackson, a prensa barata deu desprazada a prensa comercial ou mercantil, e tamén a prensa sectaria, das posicións de prominencia das que gozaran ata entón.¹⁴

Os contornos da esfera pública estaban a se redebuxar debido a este novo tipo de xornal que procuraba reclamar para si a condición de voz do pobo nunha sociedade en proceso de democratización. Debido a súa dependencia dos ingresos que proviñan do mercado, nomeadamente as vendas e os anuncios cada vez máis dedicados a artigos de consumo, a prensa barata ofrecíalle ós seus consumidores un produto moito menos caro (era, en promedio, uns cinco céntimos máis barato; o pagamento facíase ós repartidores, non por subscripción anual).¹⁵ De resultas, estes xornais ofrecían un tipo de acceso á esfera pública diferente, pois eran capaces de declarar un grao de independencia política maior a respecto do goberno e os partidos. Amais, algúns destes xornais non só se definían dicindo que eran “neutrais en política”, moitos tendían a ser indiferentes ós acontecementos políticos de elite. Segundo Schudson (1978: 21), unha entrada no *New York Times* do 9 de decembro de 1883 era típica: “As actuacións do Parlamento non interesarían ós nosos lectores.” Escribíase isto despois de que o primeiro número do mesmo xornal proclamara que o seu obxectivo era “pór perante o público, a un prezo que esta ó alcance de todos, todas as noticias do día.”¹⁶

Para os máis dos xornais baratos (“*penny papers*”), logo, informar das “noticias do día” implicaba compromiso cunha gama nova e característica de valores informativos. Particularmente, a “historia de interese humano” local ía apreciarse máis ca todas as outras porque representaba mellor as condicións da vida contemporánea segundo afectaban ás experiencias das “masas”. Estes xornais tenderon, logo, a restrinxir a cobertura da política de partidos ou os asuntos da industria e o comercio a cuestións de interese popular, esconllendo encher as páxinas fundamentalmente con noticias verbo da policía, os xulgados, os pequenos negocios, as institucións relixiosas e a “alta sociedade”. As noticias da rúa e dos ámbitos privados, nomeadamente os suicidios, os incendios e os roubos, tiñan atractivo para as masas (deste xeito, a liña entre a vida “pública” e “privada” estaba a se difuminar efectivamente; Schiller 1981, Schudson 1978, Smith 1979). Segundo declarou James Gordon Bennett, fundador do *New York Herald*,

¹³ Pode dicirse que aínda é así na altura de hoxe, por razóns se han aclarar máis adiante. As fontes principais para o que expomos nesta sección son: Carey 1986; Hardt e Brennen 1995; Lipmann 1922; Roshco 1975; Salcetti 1995; Schiller 1981; Schudson 1978, 1995; Smith 1979; Stephens 1988; Willis 1991. Para descrições de evolucións comparables na industria dos xornais británica, incluído o desenvolvemento da “prensa de pobres”, véxase Boyce et al. 1978; Curran e Seaton 1991; Koss 1984; Lee 1976; O'Malley et al. 1997; tamén Weiner 1996. Para unha comparación coa prensa francesa, véxase Chalaby 1996.

¹⁴ A prensa de partido case ía desaparecer na altura de 1875, mentres que a prensa comercial aínda existe hoxe con cabeceiras coma o *Wall Street Journal* e o *Journal of Commerce*. No tocante ós aspectos técnicos desta “revolución comercial”, a invención dos prelos a vapor na década de 1830, seguida pola introdución da rotativa de Hoe en 1846, permitiu a produción masiva de xornais nunha escala que nunca antes se vira. Aínda que algúns escritores que ven nestes cambios unha influencia determinante quizais os sobrestimasen, non ten dúbida que alteraron de xeito significativo a dinámica da reificación para ben (os xornais podíanse vender máis baratos) e para mal (os custos iniciais para botar a andar un xornal viraron prohibitivos moi logo). Pola metade do século dezanove, segundo indica Shi (1995: 95), os Estados Unidos estaban “inundados de xornais”; dito nas súas palabras: “en 1840 había 138 xornais no país, trinta anos despois había 574; no remate do século o total era de 2.600. A circulación total durante o mesmo período medrou de menos de dous millóns a máis de vinte e catro millóns.” Ó remate do século dezanove, as técnicas de impresión revolucionáranse plenamente; segundo escribiu Innis (1986: 161): “Os prelos de cilindro, os estereotipos, os prelos de membrana (“*web press*”), e o linotipo fixeron medrar de 2400 copias de 12 páxinas por hora a 48000 copias de 8 páxinas por hora en 1887 e de 96000 copias de oito páxinas por hora en 1893.

¹⁵ Das varias estratexias de venda concibidas para construír público novo, ningunha foi máis importante có sistema de distribución pola rúa; véxase o estudo de Bekken (1995) verbo dos “repartidores” neste período. Polo mesmo tempo aumentou a circulación da prensa en lugares máis afastados gracias ás melloras rápidas das redes de transporte, nomeadamente as canles e camiños de ferro.

¹⁶ Esta cita, que vale para salientar as vantaxes deste medio a efectos de publicidade, úsaa tamén Schudson (1978: 21) que, pola súa vez, mantén que na década de 1930 a prensa barata “comezou a reflectir non os asuntos dunha elite nunha pequena sociedade mercantil, senón as actividades dunha sociedade de clase media cada vez máis variada e urbana caracterizada polo comercio, o transporte e a manufactura” (1978: 22-3). Schiller (1981) pon en dúbida esta afirmación, pois no seu ver a caracterización que fai Schudson do público novo debe repensarse dunha maneira que preste máis atención ás relacións do poder económico. En consecuencia, mantén que a prensa barata funcionou para integrar os lectores de clase obreira (nomeadamente os artesáns e mecánicos) na súa esfera de influencia, facilitando logo a reprodución ideolóxica desta nova fase de desenvolvemento capitalista.

na edición do 11 de maio de 1835 daquel xornal barato: “Imos dar unha imaxe correcta do mundo (de Wall Street, das divisas, da comisaría, da ópera) dito en poucas palabras: alá onde a natureza humana ou a vida real amosa as súas curiosidades e caprichos (citado en Roshco 1975: 32). Así, ó presentarlle ós lectores unha “gastronomía do ollo” composta en gran medida do “extraño, o exótico e mailo trivial”, para dicilo en termos de Carey (1986: 163), estes xornais estaban a redefinir expeditivamente o que se podería e debería cualificar a xeito de noticias para “a xente do común” no contexto das súas vidas diarias.

Esta reformulación radical da esfera pública transformou fundamentalmente non só as concepcións populares do que debería ser un acontecemento noticioso, senón tamén a forma en que debería de comunicarse ese acontecemento noticioso ou noticia. Ó procurar satisfacer as necesidades dun público lector xeral moito máis amplo en termos de clase có dos rivais máis establecidos, os xornais baratos utilizaron unha linguaxe informativa que enfatizaba a significación da vida diaria dunha maneira “realista”. Por exemplo, *The New York Herald* lanzárase en 1835 co compromiso de “rexistrar feitos, de todo asunto público e oportuno, espido de palabrería e cor” (citado en Shi 1995: 95). Malia as críticas por “sensacionalismo” que lle facían ós xornais baratos os xornais de seis peniques (especialmente no que atinxe ó crime e ó escándalo, dos que a cobertura se tiña por “moralmente cuestionable”), entre os editores e xornalistas das cabeceiras novas había a convicción de que estaba a medra-la “demanda pública de feitos”.¹⁷ Tal percepción de que o atractivo dos “feitos” estaba a se facer máis intenso para os seus lectores animounos a se esforzar máis para presentar nas súas páxinas a información con toda a literalidade que lles fose posible. A prensa barata comezou logo a reflectir unha marcada preferencia pola cobertura de noticias de feitos (do xeito máis literal, isto consistiría sinxelamente na transcripción palabra por palabra de declaracións oficiais) máis cá explicación editorial (“subxectiva”). Irónicamente, logo, segundo unha elite editorial anteriormente preocupada polos intereses partidistas deu paso a unha prensa popular que procuraba prioriza-lo interese público, os fins da explicación e maila crítica ían perdendo importancia en favor dun panorama de feitos ostensiblemente carentes de comentarios avaliativos.

A introdución do telégrafo eléctrico na década de 1840 foi tamén citada polos historiadores da prensa a xeito de factor coaduvante crucial vinculado ó agromar da obxectividade das noticias a xeito de ideal profesional fundando na presentación de feitos. En 1844, unha liña telegráfica experimental entre Washington e Baltimore usouse para transmitir a primeira noticia “telegráfica”, que se publicou logo no *Baltimore Patriot*. Catro anos despois, seis xornais de Nova York organizáronse nunha cooperativa monopolista para lanza-la Associated Press (AP), servizo telegráfico dedicado a prover ós seus membros de acceso igual a noticias duns para os outros e, cousa máis importante, de fontes en lugares distantes (do que serían os principais exemplos a guerra de México e posteriormente a Guerra Civil Estadounidense). As noticias, que anteriormente viaxaran en coche de cabalos e barco (pois as pombas mensaxeiras só se usaron de xeito infrecuente), acadaron unha grao máis alto de puntualidade que tivo implicacións significativas para a redefinición da esfera pública. Salientou este aspecto Bennet, do *New York Herald*, cando fixo este comentario verbo da significación do telégrafo para a esfera pública política:

Os medios de comunicación van ter unha influencia prodixiosa, cohesionadora e conservadora sobre a República. Non se podería concibir mellor lazo de unión para unha grande confederación de estados...A nación toda recibe as mesmas ideas no mesmo momento. Créase e mantense, logo, un sentimento e un impulso dende o centro do país ata os extremos máis distantes.¹⁸

Os debates sobre as construcións da información non partidista de feitos acadaron resonancia de novo cando a AP comezou a adestrar os seus xornalistas para que adoptasen normas de información diferentes. Entre elas estaba a da estrutura de “pirámide invertida” das noticias, pois as liñas telegráficas de pouco fiar facían necesario comprimir os feitos máis significativos no párrafo sumario da “entrada”. Amais, como había xornais de orientacións políticas moi diferentes suscritos ó servizo, a “imparcialidade” das noticias de AP en “tempo real” converteuse nunha característica ulterior que facilitaba a venda. As “opinións” deixábenselle ós xornais clientes, segundo lles conviñese a candansúa liña política. En palabras do director da oficina de Washington de AP, home que traballara para a axencia dende que comezara:

O meu negocio é comunicar feitos; as miñas instrucións non me permiten facer comentario ningún verbo das informacións que comunico. Os meus informes envíanse a xornais de todas as liñas e os

¹⁷ Shi (1995) ofrece unha descrición fascinante do progreso do “realismo” na cultura dos Estados Unidos de América dende a metade do século dezanove ós anos posteriores á primeira guerra mundial, nomeadamente no que atinxe á ciencia, á arquitectura, á literatura e mailas belas artes.

¹⁸ Citado en Stephens (1988: 227). En contraste, segundo Salcetti (1995: 50), a primeira noticia “dada por teléfono” apareceu no *Boston Globe* o 13 de febreiro de 1877.

directores din que son capaces de facer os seus propios comentarios dos feitos que se lles envían. Limitome, logo, ó que considero noticias lexítimas. Non actúo ó xeito dun político que pertence a escola ningunha, senón que tento ser veraz e imparcial. Sinxelamente, os meus informes son puras cuestións de feito e detalle, sen máis. Algúns enviados especiais poden escribir para se adecuar ó tempero do órgano para o que traballan. Aínda que tento escribir sen facer caso de homes ou políticos, non sempre escapo da censura.¹⁹

As convencións emerxentes das informacións de axencia, patentes como eran non só pola linguaxe pura e “seca” dos feitos, senón tamén pola rutinización das prácticas do traballo informativo, estaban a axudar claramente a fixar a codificación da obxectividade a xeito de patrón normativo

É difícil determinar precisamente cando foi que se recoñeceu o xornalismo “obxectivo” a xeito de ideal profesional, non parece ter moita dúbida que foi a prensa barata na década de 1830 a que estableceu firmemente a institución dos informadores pagos (aínda terían que pasar algunhas décadas máis para que os postos asalariados fosen a norma, e a sindicación non comezou ata a década de 1890). Pola metade do século, creáronse varios clubs sociais e sociedades de prensa a xeito de espazos compartidos e informais para que os xornalistas se reunisen a discutir as súas preocupacións verbo do que estaba a se converter con moita rapidez nunha “profesión”. Tales espazos inauguráronse formalmente despois da Guerra Civil coa apertura do Clube de Prensa de Nova York en 1873. Foi neste período, xusto cando o xornal estaba a se redefinir a xeito de grande negocio que requería investimento financeiro a grande escala, cando os xornalistas reclamaron formalmente para si status profesional merecente de estima pública. Segundo apuntou Schudson (1978: 69), este status dependía de que o público recoñecese certas diferenzas entre o así chamado “informador dos vellos tempos” e o “informador novo”:

O “informador vello”, segundo a mitoloxía habitual, era un plumífero que escribía para obter un talón e máis nada. Carecía de educación e estaba orgulloso da súa ignorancia; andaba adoito bébedo e orgulloso do seu alcoholismo. O xornalismo, para el, era só un traballo. O “informador novo” era máis mozo, máis inxenuo, máis enérxico e ambicioso, educado na universidade e adoito sobrio. Estaba apaixonadamente entregado ó seu traballo.

En concomitancia con este cambio do infomar a xeito de ocupación provisoria e como calquera outra a unha “carreira profesional e respectable” deuse a percepción crecente entre os propios xornalistas de que estaban a asumir, ó mesmo tempo, a responsabilidade de contribuír ó benestar xeral dunha sociedade cada vez máis democrática (véxase tamén Hardt e Brennen 1995).

Pola última década do século dezanove, estas tendencias e outras estaban a se vincular ó xurdimento de cabeceiras decididas a adoptar un papel de cruzada progresiva en favor do interese público. Concretamente, Schudson (1978: 89) afirma que na década de 1890 viuse a aparición de dous modelos de xornalismo característicos. O primeiro xiraba arredor do ideal da “narración”, facendo énfase en manter unha forte posición de defensa do dereito do público a coñecer a verdade (entre esta cabeceiras estaban o *New York World* de Joseph Pulitzer e o *New York Journal* de William Randolph Hearst, ambos a dous exemplos do “xornalismo sensacionalista”; véxase tamén Stephens 1988; Willis 1991). O segundo modelo baseábase no ideal de “información” facendo énfase na factualidade (moitos dos xornais deste modelo eran vellas cabeceiras da prensa barata, incluído o *New York Times*). Ambos a dous modelos prefiguraron unha lóxica comercial da produción de mercaderías diferente, unha lóxica vinculada a posición socio-económica do lector que “puña no albo” cada cabeceira. O público dos xornais feitos segundo o ideal da narración era sobranceiramente de clase obreira, mentres que grande parte da clase media empezara a favorecer por aquel tempo a imparcial “neutralidade” do ideal da “información” (tal distinción explotárona, pola súa vez, os anunciantes que daban a benvinda á concomitante estandarización dos formatos). O motivo do lucro, unido ás forzas do mercado e defendido por algúns a xeito de grao óptimo da liberdade de prensa, estaba simultaneamente facendo entrar en decadenza a defensa do xornalismo de interese humano comprometido en dar folgos á participación activa na vida pública.

Marcando o camiño no xornalismo de “información” ía o *New York Times*, xornal que segundo os máis dos “líderes de opinión” era a encarnación dunha cobertura das noticias que se atíña ós feitos e estaba ben

¹⁹ Citado en Roshco (1975: 31). De por parte, segundo escribiu Carey (1986: 164): “os servizos telegráficos requirían unha lingua limpa de formas locais, rexionais e coloquiais. Requerían un estilo máis próximo ó da lingua “científica”, unha denotación estrita na que os aspectos connotativos da enunciación estivesen controlados, unha lingua atenta ó feito...O telégrafo, logo, levou á desaparición de formas da fala e de estilos de narración e xornalismo (a historia increíble, a mistificación, gran parte do humor, a ironía e maila sátira) que dependían dun uso máis tradicional da lingua.” Aquí tamén é importante lembrar que cada palabra dunha noticia tiña que se xustificar en termos de custo, restrición que condicionou igualmente as normas de información. En 1894, segundo Stephens (1988: 258), informouse a un correspondente do *The Times* de Londres de que “os telegramas son para os feitos; as apreciacións e comentarios políticos poden vir por correo”. Para un exame histórico do principal rival británico da AP, a axencia informativa Reuter, fundada en 1858, véxase Read (1992).

razoada. Ilustrativas desta aprobación da información “sen máis” son unhas declaracións do editor Adolph Ochs, que mercou a cabeceira en agosto de 1896. No curso dunha esquematización das políticas xornalísticas da súa recente adquisición, declarou Ochs:

O meu obxectivo máis serio vai ser que *The New York Times* ofrezca as noticias, as noticias todas, de forma concisa e atractiva, nunha lingua que se poida falar na boa sociedade, e dalas tan logo, se non pode ser antes, coma se poidan saber por calquera outro medio de comunicación fiable; dar as noticias de xeito imparcial, sen medo nin favor, sen consideracións de partido, secta ou interese ningún que poida estar implicado; facer das columnas do *The New York Times* un foro para a consideración de tódalas cuestións de importancia pública, e para tal fin convidar á discusión intelixente partindo de todas as gamas da opinión.²⁰

Esta citación concreta nidiamente certa converxencia entre os discursos do xornalismo de información e o da responsabilidade profesional perante a esfera pública, en xeral, e os intereses dos lectores acomodados, en particular. Co lema novo de “Todas as noticias que se poidan imprimir”, o *The New York Times* procurou reclamar para si o status dun foro aberto para debater os asuntos públicos.²¹ Facía tal cando as fronteiras da súa definición do que é “servir ó público” estaban a se proxectar repetidamente dun xeito que reafirmaba as relacións de poder e privilexio existentes, nomeadamente as dos varóns brancos ricos, en concordancia coa democracia Estadounidense.

Nos anos inmediatamente posteriores ó remate da Primeira Guerra Mundial en Europa, déronse as condicións para a aparición de chamamentos explícitos á obxectividade entre os xornalistas e mailos seus críticos. A desilusión popular non só coas campañas de propaganda estatal, senón tamén coa recente aparición dos axentes de prensa e dos “expertos en publicidade”, axudou a crear aborrecemento das canles de información “oficiais”. Para os xornalistas, se os feitos non merecían confianza de seu a xeito de propiedades neutrais do mundo social que esperaban a ser descubertos, ían cumprir procedementos e regras profesionalmente validados para discernir como era que ese mundo social se representaba dende un punto de vista interesado ou “nesgado”. Dito doutra maneira: a obxectividade requería que os xornalistas distinguisen os feitos dos valores se é que o seus respectivos xornais ían merecer o ecoñecemento a xeito de árbitro neutral da verdade.²² En abril de 1923, a Sociedade Estadounidense de Editores de Xornais, anunciou os seus “criterios” do xornalismo, dos que o quinto, que reproducimos integramente, di o seguinte:

Imparcialidade- A práctica honesta distingue claramente entre as informacións e as expresións de opinión. As informacións deberían estar libres de opinión ou nesga de todo tipo.

1. Ben é certo que esta regra non se aplica ós así chamados artigos especiais inequívocamente dedicados á defensa dunha postura ou caracterizados por unha sinatura que autorize as conclusións e interpretacións propias do escritor.²³

Aínda que a palabra “obxectividade” non aparecía nestes criterios, estaba a virar sinónimo desta noción de “práctica honesta” e asumíase cada vez máis a xeito de principio director do traballo informativo.

No curso da década de 1920, este chamamento á información obxectiva e “sen nesgas” institucionalizouse gradualmente por todas partes na crecente cultura dos xornalistas de formas difrentes. Por exemplo, entre outros factores, houbo máis informadores que comezaron a se especializar en

²⁰ Esta cita de Ochs aparece en Schudson (1978: 110-11). Nas eleccións estadounidenses de 1996, o candidato do partido republicano Bob Dole dixo o seguinte verbo dos valores informativos do *The New York Times* en relación coa esfera pública: “Non deixedes que os medios rouben as eleccións...o país pertencelle á xente, non a *The New York Times*” (citado no *Independent*, 28 de outubro de 1996, p. 10). O diaro apoiara formalmente ó presidente Bill Clinton o día anterior.

²¹ Segundo Willis (1991: 56), este lema novo substituíu un slogan anterior: “Non lixa a mesa do almorzo”.

²² É interesante a declaración de Lee (1976: 231) a respecto de que esta noción de obxectividade tamén foi obxecto de crítica dende o extranxeiro: “O franceses condenaron o deterioro da calidade do xornalismo, que antepón os feitos ás ideas, e atribuírono á “americanización””. Para clarifica-los preceptos que informaban esta crenza nas virtudes da obxectividade, Schudson (1978: 4-5) caracterízalos deste xeito: “Os feitos, segundo esta visión, son afirmacións sobre o mundo abertas a validación independente. Mantéñense perante as influencias distorsionadoras de todas as preferencias persoais. Os valores, segundo esta visión, son puras preferencias conscientes ou inconscientes do individuo a respecto do que debería ser o mundo; enténdense a xeito de subxectivos en última instancia e, daquela, sen dereito a reclamacións lexítimas sobre outras persoas. A crenza na obxectividade é unha fe nos “feitos”, unha desconfianza dos “valores” e unha implicación na separación duns e doutros.” Nun estilo un pouco máis basto, Joseph Pulitzer declarou: “En América, queremos feitos. A quen lle preocupan as especulacións filosóficas dos nosos correspondentes?” (Citado en Chalaby, 1996: 311).

²³ Citado en Roshco (1975: 46). De xeito semellante, o código ético da Asociación de Xornais Estadounidenses (*American Newspaper Guild*), presentado en 1935 ó Comité de Educación e Traballo do Senado, declaraba: “(1) Que o primeiro deber do editor de xornais é dar ó público informacións precisas e sen nesgas” (citado en Schiller 1981: 195).

diferentes tópicos xornalísticos (relacións laborais, ciencia, agricultura e outros semellantes) usando técnicas de observación “impersoais” centradas nos feitos; houbo máis refinamento nas convencións da entrevista informativa, cousa que levou a que se lle fixesen preguntas máis agresivas ás figuras públicas (a entrevista era unha invención relativamente recente); déuselle máis prominencia á información de autor, quere dicir, asinada; fíxose máis énfase nos xéneros novos da información de “investigación” e “interpretación”, desprazándose esta última do espazo das “noticias duras” ás columnas políticas; houbo máis confianza nas citas literais e nas vírgulas para a atribución de fontes; e, finalmente, os xornalistas foron asegurándose melloras no grao de autonomía a respecto do control diario dos propietarios e dos directores. Se as declaracións de obxectividade comezaran en serio na década de 1850, foi a década de 1920 a que viu como se acollía o “ideal de servizo público”, nomeadamente a “o dereito da xente a saber” a xeito de ética profesional. Este novo escepticismo a respecto do ideal da verdade absoluta recalcaba a necesidade manifesta de establecer regras para procesalos feitos e, igualmente, para minimizar, se non se daban eliminados de vez, a influencia de valores. Dito doutro xeito: as convencións cambiantes da obxectividade non cuestionaban directamente a posibilidade dun debate argumental racional e popular tan efectivamente subliñada na exposición de Habermas; o que acontecía era que, máis ben, ofrecían ostensiblemente novos “métodos científicos” (Lippmann 1922) para realizalo segundo o espírito do dereito do público a acceder ós feitos.

A imparcialidade nos primeiros días das emisións públicas británicas

Para os xornalistas de radio e televisión, tende a usarse o concepto de “imparcialidade” en troques do de “obxectividade”, aínda que os dous sexan case sinónimos no que respecta a aplicación perante as circunstancias cambiantes da produción de noticias²⁴. A cuestión espiñenta de se as noticias radiofónicas e televisivas poden ou non ser imparciais e de se, no caso de poder selo, dan acadado a imparcialidade en termos prácticos, foi obxecto de considerables disputas en Gran Bretaña dende os primeiros días das emisións radiofónicas. O obxectivo desta sección é ofrecer un panorama dunha gama de factores significativos que conforman a invocación profesional de imparcialidade no discurso das noticias radiofónicas e televisivas. Imos, logo, prestar primeiro atención á aparición da imparcialidade a xeito de principio xornalístico rector para os boletíns informativos da BBC das décadas de 1920 e 1930. Despois, exporemos algunhas consideracións verbo de como é que os discursos da imparcialidade conformaron a evolución das emisións de noticias televisivas despois da Segunda Guerra Mundial. Aquí aparece a codificación da imparcialidade a xeito de requisito forzado polo Parlamento, informalmente no caso da Carta da BBC e formalmente no que atinxe ó Estatuto de Televisión de 1954 e á creación da ITN (*Independent Television News*), que é de particular interese á vista da discusión da esfera pública previamente exposta.

Cando a Compañía de Emisións Públicas Británicas (BBC) comezou cos Boletíns de Noticias Xerais emitidos dende Londres o 23 de Decembro de 1922, non tiña nin un só xornalista empregado na elaboración de noticias do día. As voces de alarma dos propietarios de xornais verbo da competencia desleal das emisións radiofónicas tomáronse tan en serio que na licenza da Compañía incluíuse unha prescrición. Explicitamente, as noticias da BBC tiñan que se limitar estritamente a ser resumos preparados por un consorcio de axencias de noticias (Reuters, Press Association, Exchange Telegraph e Central News) e, alén diso, deberían emitirse despois das sete da tarde por mor de minimizar todo dano potencial ás vendas dos xornais. As melloras da situación só se acadaron gradualmente, aínda que John Reith, o Director Xeral da BBC (que logo sería o primeiro Director Xeral da Corporación de 1927 a 1938), pediu moi coherentemente ó Director Xeral de Correos que se reducisen as restricións relativas á cobertura de noticias. En 1924, por exemplo, escribiu unha carta requirindo “permiso para tratar asuntos controvertidos, á vista de que podemos garantir imparcialidade absoluta” (citado en Scannell e Cardiff 1991: 27). A petición foi plenamente denegada; os asuntos “controvertidos” seguiron a estar prohibidos por medo á posible influencia perigosa na opinión pública.

Uns dous anos despois, durante a Folga Xeral de Maio de 1926, a BBC tivo unha oportunidade salientable de proclamar a súa independencia mentres que, ó mesmo tempo, amosaba compiacencia en obedecer as instrucións do goberno por tras da bambolinas. Como a folga fixera que pecharan temporalmente case todos os xornais, ó público acudiu ás emisións radiofónicas para obter noticias sobre a crise; a BBC respondeu facendo ata cinco boletíns diarios, dos que os máis incluían polo menos algún

²⁴ A exposición crítica desta sección sobre a “imparcialidade” nos primeiros días das noticias radiofónicas televisivas en Gran Bretaña fúndase primordialmente nas seguintes fontes: Briggs (1961, 1965, 1979^a, 1979^b, 1995); Burns (1977); Cox (1995); Davies (1994); Davis (1976); Goldie (1977); Paulu (1961); Pegg (1983); Scannell e Cardiff (1991); Schlesinger (1987); Sendall (1982); Smith (1973). Para exposicións das evolucións dos informativos en Estados Unidos de América, véxase Bliss (1991); Stephens (1988) e Winston (1993).

material que ela mesma recadara. Estaba en xogo a lealdade política da BBC, cuestión que se encadrara en termos da súa capacidade de manter os principios de informacións “responsables” (quere dicir, non controvertidas) en nome da “imparcialidade”. Segundo Reith escribiu nun memorandum para o primeiro ministro Stanley Baldwin, podía confiarse en que a BBC aprobase a posición do goberno contra a dos sindicatos.²⁵ Dito coas súas palabras: “O asumir que a BBC é para o pobo e que o goberno é para o pobo, conclúese que a BBC debe estar en favor do goberno nesta crise tamén” (Citado en Burns 1977:16-17). Os ministros dábaselle logo acceso directo ós micrófonos da BBC por mor de que avanzasen as súas definicións da crise, mentres que as voces dos partidos da oposición e dos sindicatos eran case silenciadas. Este “bautismo de lume” da BBC, segundo o caracterizaron posteriormente algúns comentaristas de prensa, salientou como foi que a liña directa de control do Estado sobre a Compañía somesa á autoridade legal da Licencia de Emisións Radiofónicas estaba a se transformar en auto-censura. Sexa como for, ó mesmo tempo, a folga demostrou que se podía crear unha audiencia nacional para as emisións radiofónicas. En palabras de Hilda Matheson, xefa do Departamento de conferencias (*Talks Department*), con data de 1926: “O público e os oíntes radiofónicos son agora case termos sinónimos” (citado en Curran e Seaton 1991: 141).

Nos anos inmediatamente posteriores á Grande Folga, Reith tentou aumentar aínda máis a confianza pública nas “auténticas noticias imparciais” da BBC. Recoñeceu que habería que establecer un grao de independencia máis grande para a Compañía no tocante á vixilancia do goberno, mesmo se o uso de tal presión era máis a excepción do que a regra. Boa parte dos seus esforzos foron en van, aínda que acadou algúns éxitos en facer avanzar e reconcibir a BBC, en termos institucionais, a xeito de servizo nacional de interese público que requería unha papel informativo máis prominente. Por xaneiro de 1927, cando a BBC acadara status de Corporación por unha Carta Real, asegúrese un segmento temporal mais temperán, ás seis e media da mañá, para os boletíns informativos, xunto con outras concesións relativas ó uso de “relatos de testemuñas” en vivo (especialmente a respecto de competicións deportivas e acontecementos públicos, como o foi o caso da Coroación de 1937). Forzada aínda polas condicións da licencia a evitar todo tipo de programación que se puidese ter por controvertida, criterio que tamén se podía aplicar ás sesións do Parlamento, a Corporación comezou a se garantir máis liberdade na imposición da autocensura malia o poder de veto do Director xeral de correos e telecomunicacións. A confianza do goberno no consentimento da BBC a respecta-los límites da súa “independencia” estaba a se reforzar lentamente, e a prohibición das emisións controvertidas derrogouse en 1928 (aínda que ó principio só de xeito experimental). Tamén houbo por aquel tempo unha sensación crecente de que os intereses mutuos do Ministerio de Correos, dos propietarios de xornais e das axencias de prensa estaban inhibindo a introdución de novos formatos de programación máis interesantes e informativos que ofrecían os sistemas radiofónicos doutros países. A xeito de exemplo, a definición estremadamnte restrictiva da BBC do que era “valores noticiosos” apropiados significaba que no venres santo de 1930 os seus directores de informativos declararon que no seu ver “non había noticia de tipo normal ou estándar para emitir e entón, non se ofreceu boletín informativo ningún.”²⁶ Aínda que este boletín informativo no que “non houbo noticia ningunha” non se podía considerar típico, ofrece un exemplo elocuente da rixidez relativa dos parámetros tópicos dentro dos que a Corporación tentaba funcionar por mor de aplacar ós seus administradores.

Pola fin de 1934, empezaban os cambios subrepticios polos que os informativos da BBC ían converterse nun Departamento independente, decisión tomada, en parte, para aumenta-la confianza pública na súa ética Corporativa da neutralidade. A separación do departamento de noticias do de programas (*Talks Department*) estivo vinculada, en parte, ás acusacións de “nesga” que se fixeran contra este último departamento. Se os comentaristas dos xornais encadraron a nova división dicindo que era “a respota da BBC ás sospeitas de radicalismo que fixeran circular os Tories”, dentro da corporación

²⁵ Lord Gainford, xefe da BBC, explicou a posición da Corporación nun memorandum: “Como o goberno ten a seguridade de estar no certo tanto no que atinxe ás cuestións que están en disputa coma no tocante ós asuntos constitucionais, todos os pasos que poidamos dar para comunicar a verdade desapaixonadamente serán en beneficio do goberno” (citado en Schlesinger 1987: 17). En conxunto, segundo conta Davies (1994: 37-8): “O obxectivo era fornecer a verdade sen adubos, e durante as folgas as emisións foron case con toda certeza unha influencia moderadora. Sexa como for, a clase obreira organizada asumiu que a compañía se puxera en contra dela e o Congreso do Sindicatos [Trades Union Congress] aconsellou ós seus membros que non escoitasen os boletíns. Fosen cales fosen as noticias (aínda que non queda delas rexistro ningún) pode asumirse que non retrataron de xeito ningún a impresionante unidade dos traballadores nin deron visión ningunha das cuestións básicas que causarían o conflito; amais, tales cuestións caerían totalmente fóra da experiencia de case tódolos empregados máis expertos da Compañía”. Moitos oíntes que se disgustaron coa cobertura unilateral das informacións radiofónicas, empezaron a usar o termo BFC (*British Falsehood Corporation*, Corporación de Falsidades Británicas) para expresar indignación.

²⁶ Citado en Scannell e Cardiff (1991: 118) que observan, pola súa vez, que o anunciante declarou sinxelamente que “non hai noticias esta noite”. Ofrecen unha mostra da reacción da prensa citando o *Sunday Chronicle*: “A BBC podería anunciar a morte de Lady Glanely, o incendio na mansión de Lord Haddo, o accidente montañeiro do profesor Julian Huxley e a colisión de automóviles na que se viu implicada Lady Diana Cooper, entre outras cuestións.” Para Scannell e Cardiff (1991: 118), este exemplo “resume perfectamente a distancia entre as ideas da BBC a respecto dos valores noticiosos naquela altura e os da prensa popular.”

“entendéronse a xeito de resultado dunha campaña duradeira da prensa dereitista contra a pretendida “roxeira” da BBC (Scannell e Cardiff 1991: 118). Tamén naquel momento estaba en curso un cambio gradual para abranxer normas máis accesibles, senón popularizadas, normas informativas, nomeadamente no que atinxe a cuestións de estilo, ton e formato. En 1936, o xornalista Richard Dimbleby, que posteriormente ía terse polo informador radiofónico quizáis máis influente de todos os que traballaron na BBC, propuxo unha redefinición radical do que debería constituir a noticia radiofónica:

Teño a impresión, e vexo que a comparten moitos outros, de que sería posible avivecer as noticias en certa medida sen desbaldar o ton autorizado que lles deu sona. Como xornalista, penso que sei algo da demanda do público a respecto dun “ángulo novo” e sobre como é que se pode acadar. Suxiro que un membro ou algúns membros do seu cadro de persoal (poderían chamarse “informadores da BBC ou correspondentes da BBC”) deberían de estar dispostos, igual có están os xornalistas dos verpetinos, para dar cobertura a noticias inesperadas no mesmo día. No caso dun grande incendio, dunha folga, dun disturbio civil, dos accidentes de tren, dos accidentes en minas e doutras catástrofes maiores nas que o público, segundo é o meu temor, está moi interesado, podería enviarse ó informador dende o Centro de emisión por mor de cubrir ese acontecemento para o boletín.²⁷

Esta configuración dun auditorio público para os boletíns que demanda un “ángulo novo”, dun público que está “fondamente interesado” nas catástrofes (cosa quizáis lamentable á vista de Dimbleby), vai a contraño de concepcións previas do público da BBC, en xeral, e do tipo de informativos que se lle deberían de ofrecer, en particular. A responsabilidade autodeclarada da Corporación perante o público oínte formaba parte das imposicións da influencia do goberno para o contrario, malia as afirmacións ocasionais. Por esta razón e outras relacionadas, pasarían anos antes de que a visión de Dimbleby virase realidade. Entrementes, as autorizadas declaracións dos boletíns informativos sobre a súa imparcialidade apoiábanse case exclusivamente en material adquirido por medio das axencias de noticias, mesmo naqueles casos nos que as técnicas máis recentes facían posibles as informacións “dende o lugar mesmo”. As desviacións deste patrón xeral só se daban raramente ata o inicio da guerra. Non ten dúbida que a máis importante foi a retransmisión en directo (tanto por radio coma por televisión) do retorno a Londres do Primeiro Ministro Neville Chamberlain despois do seu encontro con Hitler en Munich. Con todo, cando Gran Bretaña declarou a guerra a Alemaña en setembro de 1939, a BBC só tiña un cadro pequeno de informadores para entrar en acción, entre os cales estaba Dimbleby.

Aínda que o primeiro programa televisivo experimental de Gran Bretaña se transmitiu dende o Centro de emisións o 22 de agosto de 1932, e as noticias fixeron aparición o 21 de marzo de 1938 (unha gravación de noticias radiofónicas presentada sen imaxes), as emisións informativas non ían ser programa diario na televisión ata 1954. O Servizo de Televisión volveu emitirse o 7 de xuño de 1946, despois se pechar durante os anos da guerra, en parte por medo a que os bombardeiros inimigos puideran meterse en casa dos emisores. A división de informativos radiofónicos preparaba un resumo nocturno das noticias que ía ler en televisión un presentador invisible, mentres o compoñente visual que acompañaba a voz era a esfera dun reloxo. As montaxes de imaxes das noticias facíanse na casa; debido á negativa das compañías de informativos cinematográficos a fornecerllos, incluíanse tamén regularmente emisións de produción externa.²⁸ A Corporación, sempre temerosa da acusación de que se emitían as súas visións nos informativos, puxo moito coidado en asegurar que seguía comprometida coa imparcialidade a xeito de deber profesional e público. Dadas as responsabilidades debidas a ser fideicomisaria do interese nacional, non podería parecer que a Corporación expresase unha posición parcial, nomeadamente en cuestións de política pública. De por parte, as preocupacións expresadas por membros dos principais partidos políticos a respecto de que a BBC podería ó cabo apropiarse do status dun foro para o debate nacional que competise co Parlamento levou, pola súa vez, á instrumentación da “regra do día decimocuarto” que comezou o 10 de febreiro de 1944 (e que se mantería ata 1957). Ó acordar (en principio, de xeito

²⁷ Dimbleby citado en Scannell e Cardiff (1991: 122), onde se pode ler tamén esta afirmación posterior do mesmo xornalista: “Creo de certo que as noticias poderían presentarse de xeito emocionante e, ó mesmo tempo, seguir a ser auténticas...O Principio de avivecer as noticias pola infusión do elemento humano está a seguirse noutras esferas...Nisto, como puideron apreciar, o método seguido non é só o de dar as noticias, senón o de contar por qué e cómo aconteceron. É isto o que suxiro que a BBC podería facer con moit éxito.” É interesante advertir que en 1936 a BBC botaría a andar as súas primeiras formas rudimentarias de investigación de audiencia.

²⁸ Lord Simon de Wythenshawe, Presidente do Consello de Goberno da BBC de 1947 a 1952, salientou as vantaxes dos informativos radiofónicos sobre os televisivos, nomeadamente no tocante á inmediatez, ó escribir: “Os máis dos asuntos [das noticias] son de tal natureza que non poden, nin agora nin nunca, amosarse visualmente; dos que se poden amosar en televisión, os máis acontecen alén mar, decote en países distantes, e ha pasar moito tempo antes de que se poidan facer voar os rolos de filmación televisiva dende o mundo todo a Londres no día en que acontecen. Abofé que os informativos televisivos han continuar a se desenvolver e ser de grande interese e atractivo, mais seguramente non hai nin a menor posibilidade de que substitúan nunca ás noticias sonoras” (Wythenshawe, citado de Davis 1976: 12).

informal) non dar cobertura a cuestións relevantes nin á Cámara dos comúns, nin á Cámara dos lores durante os catorce días anteriores a que se debatesen cuestións, a BBC sucumbiu a presións que puxeron en moito compromiso a independencia editorial. Non se lle requiriron tales restricións ós xornais, nin parece que, de se facer tal imposición, chegase a ter éxito.

A principios dos anos cincuenta, con Gran Bretaña implicada na guerra de Corea (da que as informacións filmadas avivaron o interese público polas informacións televisivas), a chegada da competición por parte do sector comercial en forma da cadea Televisión Independente (ITV) era inminente. Os directivos da BBC espelíronse para ter en antena un informativo diario antes do lanzamento do novo rival comercial. Dúas semanas antes de que o Estatuto de Televisión recibira o asentimento real, eimitiuse a primeira edición do *News and Newsreel* da BBC, o 5 de xullo de 1954. Mentres o programa das sete e media se anunciara a xeito de “servizo da máis grande significación no progreso da televisión no Reino Unido”, Margaret Lane, crítica na revista da propia corporación, o *Listener*, non estaba convencida:

Supoño que a decepción máis grande da semana foi o servizo informativo, que os máis de nós degorabamos, e para o que ningunha das persoas coas que falei tivo unha boa palabra. O máis que pode facer no estadio actual é mellorar o noso coñecemento da xeografía, á vista de que polo menos ofrece, co estilo da lanterna máxica, unha serie de mapas pequenos, un punteiro e unha voz...Con efecto, canto máis vexo as noticias televisivas, máis me gusta o xornal.²⁹

Os dez minutos de noticias láos unha voz en off “de xeito impersoal, sobrio e sereno”, a identidade do locutor mantíñase en segredo por mor de preservar a autoridade institucional da BBC, e ían acompañados de imaxes fixas (como suxire o título do programa *News and Newsreels*, despois da lectura das noticias ían montaxes de imaxes cinematográficas). Só nos últimos días conducentes ó lanzamento do rival de “estilo americano” na nova rede comercial cambiaron estas prácticas, e só parcialmente. Durante a primeira semana de setembro de 1955, a BBC introduciu as caras dos locutores ollando á cámara, máis non os seus nomes. O perigo de “persoalizar” as noticias atendendo á voz dun individuo, en contraposición á da Corporación, considerábase serio dabondo para garantir a preservación da anonimidade. Esta estratexia, que tivo as súas orixes na radio, presumiblemente comunicaba un senso incrementado da imparcialidade independente para os informativos, e ía durar outros dezaoto meses.

O Estatuto de Televisión de 1954, introducido polo goberno do Partido Conservador de Winston Churchill despois de dous anos e medio de debate adoito acedo, creara a a Autoridade de Televisión Independente que, pola súa vez, creou a Independent Television News (ITN) a xeito de compañía especializada subsidiaria en febreiro de 1955.³⁰ Na cláusula terceira do Estatuto figuraban as seguintes instrucións:

3(I) Será o deber da autoridade comprobar que, na medida do posible, os programas emitidos pola Autoridade cumpran os requirimentos seguintes, velaí:

- a) que non se inclúa nada nos programas que ofenda o bo gusto nin a decencia ou que teña trazas de animar ou incitar ó crime, nin que leve á desorde ou sexa ofensivo para o sentir público ou que conteña algunha representación ou referencia ofensiva a unha persoa en vida;
- b) que os programas manteñan o debido equilibrio no asunto que tratan e que teñan un nivel de calidade xeral alto.
- c) que toda noticia que se dea nos programas (na forma que for) se presente coa imparcialidade e coidado debidos...
- f) que a debida imparcialidade se manteña por parte das persoas que contribúen ós programas con asuntos de controversia política ou industrial ou relativos a política pública do momento; e

²⁹ Lane citada en Cox (1995: 38). Pouco despois, Gerald Barry, comentaría na súa columna de televisión do *Observer*: “Hai que constatar o triste feito de que as noticias en televisión non existen. O que se introduciu pola noite nos programas de televisión é un boletincio informativo superficial composto pola voz do locutor, unha toma de voz e unha foto fixa indistinta. Isto ben podería pasar por noticias, pero non acaba de ser televisión” (Barry, citado en Davis 1976: 13). En xuño de 1955, o título *News and Newsreel* cambiouse polo de *Television News Bulletin*.

³⁰ Lord Reith, falando na Cámara dos Lores durante un debate sobre a televisión comercial o 22 de maio de 1952 non aforrou palabras ó rebater a proposta do Goberno conservador: “Que fundamentos hai para pór en perigo este patrimonio e tradición? A Carta branca (*White Paper*) nin sequera suxire un. Por que desbaldilo?...Un principio absolutamente fundamental e aprezado mándase ó lixo...consta aquí que o Goberno vai ó lixo: é unha traición e unha rendición; isto é o que resulta tan abraiante e serio; tan innecesario e errado.” (Hansard, House of the Lords, 22 de maio de 1952, col. 1297; reimpresso en Reith 1974).

g) dependente e, daquela, segundo o provisto neste apartado, que non se inclúa nos programas asunto ningún concibido para servir ós intereses de partido político ningún.³¹

A imposición destas prohibicións ás compañías de programación independentes, nomeadamente no que atinxe á obriga formal de observar o “coidado e imparcialidade debidos”, era en termos xerais coherente coa política editorial xeral da BBC. Sexa como for, apuntárase unha diferenza importante a respecto de como era que había que acadar a imparcialidade, aínda que non se detallase claramente. No caso da BBC, tiña que procurar reafirmar a súa imparcialidade durante un período de tempo, mais a ITN tería que amosar o “equilibrio debido” dos puntos de vista en cada programa.

Ás dez da noite do 22 de setembro de 1955, a ITN debutou na rede ITV. O presentador daquela noite, foi Christopher Chataway, un ex corredor olímpico que estivera a traballar de transportista para unha fábrica de cervexa. As outras “persoalidades” contratadas pola cadea incluían a primeira presentadora da televisión británica, Barbara Mandell, que presentaba o boletín de mediodía, e Robin Day, que era ó tempo un avogado descoñecido con pouca experiencia xornalística. Para Geoffrey Cox, a quen nomearan director só uns meses depois do lanzamento, “o poder da persoaliade” na presentación das noticias era unha dimensión crucial do esforzo para atraer a atención do público da BBC cara á ITN a xeito de fonte de noticias distinta.³² En contraste cos locutores anónimos da BBC, os presentadores da ITN tiñan liberdade para rescribir as noticias segundo as súas preferenzas estilísticas, tendo mesmo a posibilidade de rematar o boletín cunha noticia máis “lixreira” para lle arrincar un sorriso ó espectador. En todo caso, Cox era ben consciente de que as vantaxes de ter presentadores que eran “mulleres e homes de gran personalidade” (que tamén tendían a ser “xente de opinións fortes”) tiñan que se ponderar en relación cos dictados do Estatuto de Televisión no que atinxe ó “debido coidado e imparcialidade”. Á vista de que a ITN era unha compañía subsidiaria das catro cadeas de emisións principais, as liñas da autoridade administrativa eran moito máis difusas do que na BBC ou, para o caso, nos xornais. Sexa como for, a presión das cadeas para que se aumentase o valor de entretemento dos informativos era considerable.

En consecuencia, Cox (1995: 75) viu nos requisitos do Estatuto os instrumentos para negociar un grao aínda maior de autonomía diaria a respecto das constricións institucionais:

A imparcialidade, de se interpretar activamente, e non pasivamente, podería ser un medio tanto de protexer a nosa independencia coma de reforzar o noso poder para recadar e interpretar noticias, para chegar á verdade. Era unha salvagarda contra as presións non só do Goberno ou doutra xente de poder, senón tamén contra as visións e antollos das compañías de televisión que tiñan a propiedade...Aquelas poucas palabras [a Cláusula 3] poderían librar ó director do informativo das presións dos propietarios que se espallaban entón por toda Fleet Street –moito máis do que hoxe. Poderían darlle ó director a liberdade de crear algo novo no xornalismo popular.

Robin Day, que a través da ITN puido converterse nun dos xornalistas máis coñecidos de Gran Bretaña, confiara nos criterios de edición de noticias de Cox naquel momento porque aseguraban “cobertura informativa vigorosa e dinámica, responsable e imparcialmente presente en estilo popular.” A cuestión de cómo asegurar mellor que o informativo transmitise á audiencia a idea de ser responsable da imparcialidade era un desafío serio, segundo lembrou Day:

Nos primeiros días de formación, Cox tivo que inculcar a crenza na imparcialidade a un grupo diverso que se xuntara en 1955 a fin de formar os primeiros xornalistas televisivos da ITN. Había un núcleo pequeno de informadores, nomeadamente antigos membros da BBC, encabezados por Arthur Clifford, o brillante editor de informativos, que se adestraran na disciplina da imparcialidade. Outros non tiñan tal formación. Había operadores de cámara e realizadores de informativos cinematográficos, nos que a

³¹ A respecto do párrafo (g) desta subsección, o Estatuto declara que nada ha impedir: “(i) a inclusión nos programas da Corporación de Emisións Públicas Británicas de toda a serie (mais non só dalgunhas) das emisións políticas dos partidos; (ii) a inclusión nos programas de discusións e debates debidamente equilibrados no que as persoas que participen expresen opinións e expoñan argumentos de carácter político.”

³² O nomeamento de Cox foi posterior á dimisión de Aidan Crawley (director fundador da ITN) en xaneiro de 1956, nomeadamente por disputas financeiras coas compañías de produción e distribución en cadea (“*networking companies*”). A marcha de Crawley debeuse, segundo as súas propias palabras, á “convicción de que unha directiva composta por representantes de contratistas que difiren tanto nos puntos de vista sobre a televisión é incapaz de manter unha política coherente a respecto dos informativos” (citado en Paulu 1961: 92). As informacións de prensa daqueles días, segundo Paulu, tamén afirmaban que Crawley e o seu subdirector, Richard Good-Adamas, querían que predominasen as noticias serias, mentres que algúns representantes das compañías produtoras (“*networking companies*”), querían que se lle dese prioridade ó entretemento e ás noticias de persoeiros. Tamén é de interese advertir que Cox viña da tradición xornalística, concretamente do *News Chronicle* de Londres, que presumiblemente lle deu unha visión dos valores noticiosos televisivos diferente da dos seus colegas da BBC para os que a norma eran as noticias radiofónicas.

cobertura adoitara ser descaradamente propagandista. Había xornalistas de Fleet Street, onde os propietarios sempre esperaban que as súas visións conformasen tanto os contidos coma as políticas dos seus xornais. Había escritores que crían que as noticias debían adubarse coa opinión.

(Day 1995: viii)

No ver de Day, Cox “cría firmemente” nos principios da “verdade e corrección”, cualidades que significaban que so o seu criterio editorial “a ITN tivera éxito na combinación do ton desafiante e brillante de Fleet Street co coidado e imparcialidade requeridos polo Estatuto de Televisión” (Day 1995: ix). Sexa como for, aínda que esta afirmación ten algo de fachendosa, reafirma como é que, dende un punto de vista xornalístico, os principios da imparcialidade tenden a se amosar coherentes co profesionalismo.

Esta “disciplina da imparcialidade”, coa súa reclamación da separación de noticias e opinión, tivo tamén implicacións para a configuración que ITN fixo d’o público” das súas emisións. Durante o primeiro ano, a ITN redefiniu dramáticamente a medida en que a así chamada xente “do común” podía presentarse nunha noticia televisiva. As entrevistas á volta da esquina, ou a “vox populi”, segundo a chamaron decote os presentadores, empezaron a aparecer con regularidade. Amais, nun tempo no que as “as barreiras de clase estaba máis marcadas”, Cox lembra que a ITN tentou retratar as noticias en “termos humanos” por medio de informacións que:

levaron á pantalla xente da que a vida diaria non se tivera antes por merecente de se reflectir nas transmisións. Deulle un sentido novo ó concepto xornalístico da historia de interese humano. En Fleet Street o termo significaba historias que eran interesantes por inusuais, anormais e excepcionais. Porén, neste caso, as cámaras estaban a dar vistas fascinantes por conta da vida diaria do común, salvando a fenda entre clases –e facendo televisión compulsiva por conta dela. Non parecía que tivese importancia se o que se contaba era ou non unha noticia dura. Era a vida, transmitida pola cámara con honestidade e sen concesións, engadindo interese e humanidade ós boletíns de maneira única a este medio xornalístico novo.

(Cox 1995: 57)

Cox mantén que tiña a sensación de que o público da ITN era ó tempo “en gran medida de clase obreira”, mais non debía permitirse que tal presuposición “negase” a axenda informativa da cadea. As definicións preferidas dos “valores de noticia” da ITN, malia non seren tan restritivas coma as da BBC, aínda aseguraban que a “credibilidade” ou “autorización” dunha posible fonte de noticias se determinase xerárquicamente en relación coa clase (e tamén en relación co xénero e a raza). A axenda informativa víase igualmente conformada por un principio de imparcialidade que impuña que a análise e maila interpretación tivesen que se evitar escrupulosamente tanto nos segmentos de noticias cinematográficas coma nas faladas que compuñan o noticiario. Estes segmentos “en vivo” facilitaban que a sensación de inmediatez fose máis forte, á vista de que os comentarios espontáneos sobre as imaxes engadíanlle un grao de atractivo que doutro xeito podería negarse en nome da corrección e equilibrio editorial. Sexa como for, quizais veña máis a conto lembrar que tamén eran máis “eficientes en custos” cás informacións cinematográficas.

Alá por 1956, a BBC dedicara seguir a tendencia da ITN. Ó procurar cambiarlle a cara ós informativos televisivos para se adecuar os novos patróns “persoalizados” de presentación que as audiencias empezaban a esperar, a Corporación non só empezou a identificar os presentadores pondo os nomes, senón que tamén emulou a ITN ó permitir usar *teleprompters* (quer dicir, pantallas nas que se reproduce o texto en letras móbiles) para que xa non dependesen de guións escritos.³³ Os adiantos técnicos posteriores, sendo os máis claros os da calidade do procesamento cinematográfico, melloraron igualmente a representación visual da autenticidade. Dito iso, a cuestión de usar ou non son artificial ou dobrado para acompañar as informacións cinematográficas silenciosas supuxeron un problema particularmente difícil para os xornalistas ansiosos de evitar posibles críticas ás súas proclamacións de imparcialidade. Houbo moito debate a respecto das circunstancias que xustificaran a imitación do estilo de presentación máis informal da ITN, nomeadamente no que atinxe ó uso da lingua coloquial, para aumentar o atractivo popular dos informativos (ata entón, dixéraselles ós redactores da BBC que adoptasen un estilo adecuado

³³A política da lectura anónima de noticias continuou nas emisións radiofónicas da BBC ata 1963 (Schlesinger, 1987: 37).

para lectores de prensa de “calidade”). A ITN tamén amosara como era que a nova cámara de 16mm podería usarse para tirarlle vantaxe “sobre o terreo” á hora de acadar imaxes visualmente máis atractivas, e tamén que unha aproximación máis agresiva á procura de exclusivas e primicias podería facer que os espectadores tivesen máis interese polas noticias.³⁴ Ese mesmo ano tamén se ampliou substancialmente o abano de tópicos noticiosos tanto para BBC coma a para a ITN ó se suspender a así chamada “regra do día decimocuarto” (abrogaría formalmente o Primeiro Ministro Harold Macmillan en xullo de 1957). En ausencia desta forma de control gubernamental, tanto a BBC coma a ITN puideron redefinir o que se tería por cobertura política lexítima. Foi nesa altura, logo, cando ó cabo estiveron efectivamente situadas dentro da esfera pública para acadar o seu status actual, que se pode ter polo de foros de debate alternativos ó Parlamento.

En todo caso, foi polo Santiago dese ano cando os criterios para unha aproximación profesional ó problema da imparcialidade acadaron significación nova á vista de moitos xornalistas televisivos, e tamén de moitos dos seus críticos. A decisión que ese mes tomou o presidente exipcio Gamal Abdel Nasser de nacionalizar a Compañía Anglo-Francesa do Canal de Suez precipitou un desgrazado ataque concertado, primeiro das tropas israelís no deserto do Sinaí o 29 de outubro, e dous días despois en forma de bombardeos aéreos británicos e franceses ós aeroportos exipcios (ós que seguirían lanzamentos de paracaidistas o 5 de Santos). En Gran Bretaña, o Primeiro ministro conservador Anthony Eden tiña a opinión de que as críticas ás accións militares do seu goberno (non se declarou formalmente a guerra) que facía a oposición non deberían emitirse, mais non protestou formalmente cando a BBC garantiu, contra os seus desexos, “dereito de replica” ó líder laborista Hugh Gaitskell. Sexa como for, cando a “crise de Suez” empeorou, as presións do goberno sobre a BBC aumentaron. Exprensado temores de que a Corporación estaba a dar “dar folgos ó inimigo ó informar de divisións domésticas”, Eden considerou, segundo se informaba, a posibilidade de tomar medidas drásticas para restrinxir a súa independencia. Aínda que algúns falaban dende entón dunha “ameaza de secuestro” da corporación por medio dun “retorno das medidas dos tempos de guerra”, outros, pomos por caso F. R. McKenzie, suxeriron:

Houbo presións verdadeiras e severas á BBC...Tomaron diferentes formas: intentos de impor portavoces progubernamentais e de limitar as críticas á política de Suez; rifas sobre o dereito de réplica da oposición a respecto das emisións ministeriais; o paro dos funcionarios de relacións do Ministerio de Exteriores ó pé da Bush House; ameazas de recortes ós Servizos de Alén Mar e medidas parlamentarias concibidas para cortarlle as ás á BBC.

(McKenzie, citado en Schlesinger 1987: 36)

Malia estas tensións, a BBC defrontou demandas por “mofarse da nación”, elixindo darlle prioridade á súa reputación vella de “correcta e imparcial ó tratar materias controvertidas” máis ca atender ós intereses políticos inmediatos do gabinete de Eden (que estaba dividido a respecto do conflito; véxase tamén Goldie 1977). En claro contraste co papel que tivo durante a folga xeral de 1926, logo, a BBC mantivo a súa aparente autonomía, aínda que ós informativos dirixíronselles as acusacións de “nesgar” dende todas partes (cousa que, para algúns, foi proba da súa imparcialidade). Sexa como for, despois de examinar formalmente tales acusacións, a Xunta de Directores da BBC concluíu que se “acadara un resultado xeralmente exitoso e merecente de creto” na cobertura de noticias “e o tal resultado daba cuprimento á obriga da BBC coa imparcialidade, obxectividade e a veracidade” (citado en Briggs 1979b: 216-17).³⁵

³⁴ Un *Informe Sobre Investigación da Audiencia* da BBC de 1957 advertía que “o boletín televisivo que se emite entre as sete e cuarto e sete e media da tarde ten algo máis de catro millóns e cuarto de espectadores, mentres que as noticias nacionais das nove da noite (*Home Service news*), que foi en tempos o cimo da audiencia radiofónica, ten menos da metade de receptores có devandito programa de televisión.” (Briggs 1995: 72). Tamén se facían comparanzas entre os informativos da BBC e a ITN. Paulu (1961: 93) escribiu: “os informes amosan que malia preferir ver a ITN, ó público dálle máis presitixo ós informativos da BBC, debido en gran medida ás actuacións pasadas da BBC, nomeadamente durante a Segunda Guerra Mundial, e que durante os períodos de crise internacional tende a aumentar o número de espectadores da BBC. Porén, os líderes de opinión –ou, para usa-la expresión británica, a xente do cimo- adoitan ver máis os informativos da BBC, como de feito ven a BBC en situacións de todo tipo.”

³⁵ Grace Wyndham Goldie (1977: 186), ó tempo produtor no departamento de programas televisivos da BBC (*Television Talks Department*), lembraría anos despois: “Suez é, logo, unha advertencia saudable do grao a que un partido político pode chegar cando, estando no poder, quere evita-la emisión de toda opinión que non sexa a súa. Tamén revela a importancia de manter procedementos, previamente acordados polos emisores, a Oposición e o Goberno, ós que se poidan remitir as organizacións emisoras cando se neguen a someterse ás presións do goberno exercidas en momentos de tensión nas que as emocións son fortes” (Véxase tamén Briggs 1995).

Contar a verdade

A principios dos anos sesenta, as enquisas da opinión pública indicaban rutinariamente que a televisión estaba comezando a desprazar tanto a radio coma os xornais a xeito de fonte principal de noticias para o público de Gran Bretaña e os Estados Unidos de América. Hoxe, algúns críticos afirman que a capacidade das noticias televisivas e dos programas de actualidade para configurar a “axenda pública” significan que este medio está a desenvolver unha función positiva, mesmo democratizadora, no tocante a ilustración pública. Esta liña argumental anticipouna e criticouna Habermas no libro *Historia e crítica da opinión pública. A transformación estrutural da vida pública*. Nas seccións finais dese estudo, mantén que os medios electrónicos viraron sistemáticamente implicados na rápida decadencia da esfera pública no curso deste século. Concretamente, Habermas escribiu:

A rede comunicativa dun público composto de cidadáns particulares a debater racionalmente rachou; a opinión pública que noutrora xurdía dela descompúxose en parte en opinións informais de cidadáns privados sen público e en parte virou concentrada en opinións formais de institucións publicísticas efectivas. Collido no remuíño da *publicidade que se represeta coa fin do espectáculo ou a manipulación* o público de xente non organizada é reclamado non pola comunicación pública, senón pola comunicación de opinións publicamente manifestadas.

(Habermas 1989: 247-8)

A descrición das condicións debido ás que a esfera pública case desapareceu pon moita énfase en como foi que a comercialización das cadeas de comunicación de masas desprazou practicamente “o debate racional-crítico” cara ó reino do consumo cultural. Esta “refeudalización da esfera pública”, segundo a tipificación de Habermas, non só transformou o cidadán activo en consumidor indiferente senón que tamén asegurou que estea case excluído da participación nos debates públicos e nos procesos de decisión en tódolos aspectos significativos.

A descrición de Habermas é moi pesimista no tocante á posibilidade de cambiar o papel actual dos medios de masas no control da articulación pública de diferentes opinións (totalmente aliñadas cos intereses corporativos e estatais). A crecente concentración e conglomeración da propiedade nos sectores de medios das sociedades máis industrializadas, cada vez máis xustificadas por funcionarios estatais e portavoces corporativos en nome da “competitividade global”, continúa a repolitizar a esfera pública de maneiras que van en detrimento da supervisión e responsabilidade pública. Aínda que hoxe poidamos apuntar ás novas oportunidades de acceso á comunicación pública que ofrecen un conxunto de institucións e técnicas novas (dende a televisión comunitaria a Internet), é evidente que as divisións sociais ente entre os que teñen “capital informativo” e os que non o teñen está a medrar. Amais, precisamente o que se ten por “debate racional” na era da “xestión da opinión pública” é unha cuestión de disputa continua entre discursos desiguais sobre a cidadanía, dos que só algúns ven as súas definicións da realidade remodeladas a xeito de apropiadas, cribles e autorizadas polos medios de comunicación (véxase Golding e Murdock 1996; Hallin 1996; Mosco 1996; O’Malley 1994; Thompson 1995; van Zoonen 1996).

É agora, logo, cando as proclamacións de “obxectividade” e “imparcialidade” das noticias cobran un significado concreto. Segundo tentei amosar, ambos a dous conceptos son historicamente específicos no que atinxe á configuración, quere dicir, os seus significados adquiriron asociacións diferentes en relación con situacións de uso distintas. Débese a isto que cada concepto, por ser produto da converxencia de forzas rivais (nomeadamente as institucionais e técnicas), vai seguir evolucionando segundo a constelación destas forzas cambia no ámbito da esfera pública (véxase tamén Allan 1995). Segundo isto, non podemos esperar que ningún dos dous conceptos conforme sempre os ideais da práctica xornalística, pois non hai razón esencial para que isto fose o caso. A fin da “obxectividade” e a “imparcialidade” a xeito de principios rectores da ética do servizo público pode estar á vista ben logo; amais, dende o punto de vista da “TV realidade” e da programación de “infotemento” (ou “programas que mesturan información e entretemento”), parecería que a “tabloidización” do xornalismo segue o seu curso con rapidez. Entrementres, segundo escribiu Habermas (1992: 437), os medios de masas están a facer que a esfera pública se convirta “nun escenario infiltrado polo poder no que, por medio da selección de tópicos e de contribucións tópicas, líbrase unha batalla non só pola influencia senón polo control dos fluxos de comunicación que a afectan ó comportamento, á vez que as intencións estratéxicas se ocultan todo o posible”. No meu ver, é tempo de ocupármonos destas “intencións estratéxicas” precisamente na medida

en que tentan definir os contornos da “opinión pública” dentro dos límites do xornalismo obxectivo e imparcial. Permítaseme concluír, logo, pedindo unha reconsideración radical do que sexa a escritura “profesional” de noticias na altura de hoxe e, cousa máis importante, de como é que debe cambiar en relación coa dinámica contraditoria da cidadanía no ámbito da esfera pública de mañá.

BIBLIOGRAFÍA